

Viaxe a Barcelona:

Como xa comentamos anteriormente, imos organizar unha viaxe a Barcelona para asistir ó partido de liga Barça - Levante. Como en ocasións anteriores, viaxaremos en avión e debido á forte variación de prezos dos vós, imos empezar a organizar a viaxe neste mesmo mes.

A saída está prevista para o sábado 3 de decembro e a volta para o luns día 6. A peña encargárase de todo-los trámites de axencias, hoteis e entradas.

O prezo para socios é de 180,00 € por persoa, o que inclúe, desprazamento ata aeroporto, viaxe en avión, 2 noites de hotel en habitación dobre e entrada ó partido. Os non socios, deberán paga-lo custo total da viaxe, xa que a peña aporta unha cantidade importante de diñeiro para abarata-lo coste ós socios.

Outra cuestión moi importante, neste caso, para respetar estes prezos, imos dar de prazo para apuntarse ata o día 15 de agosto, sendo necesario nese intre aporta-la cantidade de 120,00 €, xa que será a cantidade destinada a paga-lo billete de avión. Os que se apunten fora deste prazo (poderá ser ata 15 días antes da viaxe), asumirán eles mesmo o sobrecusto da viaxe en avión, que en moitos casos é importante, ou corren o risco de que xa non poidamos atopar prazas no mesmo vó.

Comentar que contrataremos un seguro para que si alguén por motivos varios non poida viaxar, se lle devolvan os cartos do billete.

Dos detalles da viaxe, pois podemos avanzar que ademáis de ve-lo partido de fútbol, visitaremos as instalación do club (Camp Nou, museo, vestiarios ...) poderemos asistir a encontros doutras disciplinas (basket, balonmán ...) faranse visitas pola cidade condal Todo dentro do ambiente familiar que reina na nosa peña.

Facendo un pouco de resumo. Prezo para socios que se apunten antes do día 15 de agosto, 180,00 €. Fora deste prazo, cada un asumirán incremento de prezo da viaxe e non se garante a dispoñibilidade de billetes.

Non socios, pagarán o custo total da viaxe (consultar á peña).

Socio infantil, neste caso será igual que un non socio.

No intre de apuntarse deberase aportar-la cantidade de 120,00 €

Só queda animarvos a todos a participar nesta viaxe que seguro que vai a ser moi fermosa e inesquecible para todos.

Compra de entradas:

Comentar que a Peña ponse a disposición dos socios para conseguir entradas para partidos que desexen ir a nivel particular, xa sexa só ou con acompañantes. O que temos de dicir a este respecto, é que a peña dispón dun prazo para pedi-las entradas, 20 días antes de cada partido. Fora deste prazo, corremos o risco de que non poidamos conseguilas, así que si tedes previsto asistir a algún partido e queredes que a Peña vos axude cos trámites, contactade o antes posible. Comentar asimesmo que para entradas no Camp Nou, temos un pequeno descontó.

BOLETÍN INFORMATIVO

San Miguel de Reinante, a 1 de agosto de 2.011 - Nº 21



Peña Barcelonista San Miguel

Souto nº 66

San Miguel de Reinante

27793 (Lugo)

Peña 1.194

Fundada en 1.997

<http://penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>

pbsanmiguel@yahoo.es

¡Empezamos unha nova tempada!

CONTIDO:

Nova tempada

Torneo basket 3*3

Carnets e cotas

Viaxe a Barcelona

Entradas

Nova tempada:

Estimados amigos e socios. Aínda coa lembranza na retina de Puyol alzando a 4ª Copa de Europa para o Barça, e sen case tempo para as vacacións de verán, a peña ponse en marcha para unha nova temporada, a 2011-2012, que esperemos, cando menos sexa como a pasada.

Empezamos pois a expoñer os actos máis importantes que haberá ó longo deste ano futbolístico.

Como o máis importante para os socios son as viaxes para ir ve-lo Barça, empezaremos por ahí. Para este ano, están previstos as seguintes. Xixón na primeira fin de semana de outubro. Barcelona, na ponte da Constitución, alá polo mes de decembro, e finalmente Santander, xa en Marzo de 2012. Tratamos de escoller o mellor ó noso entender, dentro das posibilidades. De todos isto, irase dando conta a medida que se acerquen os días, igual que do resto de actividades.

En canto a comidas, pois a comezos de setembro (día aínda sen confirmar), faremos a nosa churrascada de comezo de temporada. Como é habitual, será no campo de fútbol de San Miguel e trataremos de facer un partido de fútbol entre os nosos soci@s, para logo

face-la propia churrascada. A cea de Nadal, será o 17 de decembro e ó remate da temporada faremos a de despedida.

Dentro doutras actividades, comentar que para o día 13 de agosto, imos organizar un torneo de basket 3*3, teremos o concurso de postais de Nadal, as xuntanzas para velos partidos por televisión, acudiremos á Xuntanza de Peñas que se celebrará no Grove, alá no mes de xuño, voltaremos a organizar o torneo de fútbol 7 e outras máis actividades que se nos poden quedar no tinteiro e das que se dará conta ó seu debido tempo.

Comentar que estamos traballando nunha alternativa para a peña que pode ser de gran interese para todos, xa que o Barça sacou unha nova normativa para as peñas e pouco a pouco teremos que ir adaptándonos.

Finalmente comentar, que para todo isto, será necesario a participación e colaboración de todo-los socios. Dende a peña tratarase de incentivar e premiar, dentro das posibilidades, a colaboración, xa que esta será imprescindible para seguir medrando e mellorando.

Así que esperamos vervos en toda-las actividades que se vaian celebrando.

Torneo Basket 3*3:

Como xa comentamos e por 5º ano consecutivo, imos organizar un torneo de Bsaket 3*3. Será en San Miguel de Reinante, o día 13 de agosoto a partir das 11 h., na pista deportiva que hai a carón da igrexa parroquial.

A inscrición é gratuita e pode participar todo aquel que lle apeteza, sen límites de

idade, e sen ser necesario ser socio. A ver si nesta ocasión algunha rapaza se anima a participar, pois nas anteriores ocasión non puidemos contar con ningunha.

O prazo para apuntarse remata o día 11 de agosto, e para iso podedes chamar ó teléfono da peña.

Así que xa sabedes, si tedes algún familiar, amigo ... non o dubidedes e a facer un equipo e a pasalo ben por un par de horas.

Carnets e cotas:

Dende hoxe está aberto o prazo para o pago das cotas de socio. Os que tedes domiciliado o pago, contade que a finais de agosto se pasará o recibo, os demáis podedes proceder como é habitual, pago en efectivo a un directivo ou ingreso nas contas da peña:

Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289

Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431

La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

Lembrede que mentres non se esté ó corrente nos pagos non se teñen os plenos dereitos de socio, nin se entregará o novo carnet. Como na tempada pasada a cota será 36,00 € por socio e ano, aínda que aquí ven unha das novidades, o carnet infantil.

Imos facer un carnet para nen@s máis barato. Neste caso á cota será de 10,00 € por nen@ e ano. Aplicarase ata os 14 anos. Esta inciativa foi a petición dalgún socio que quere meter na peña ós seus fillos, sobriños ... así que animámosvos a iso, ir metendo no ambiente peñístico ós vosos coñecidos máis novos.

Como contrapartida, dicir que este carnet non dará os mesmos dereitos que o

normal, sendo as principais desventaxas que en caso de reparto de entradas por ser insuficiente atender toda-las peticións, os socios infantis non poderán optar a elas. En casos en que a Peña aporte unha cantidade de cartos por socio para a realización dunha actividade (tipo viaxe ...), os membros do carnet infantil quedarán excluídos igualmente.

Non terán dereito a voto en assembleas, polo simple feito de ser menores de idade. En canto ás ventaxas, que son case todas, poderán participar en toda-las actividades da peña, viaxar con nós en autobús e asistir a partidos co mesmo custo que un socio normal, ir a comidas e reunións

Con isto tratamos de ir fomentando a canteira dos peñistas, que polo visto en churrascadas e actividades varias, é moi boa.

Por outra banda, comentar que o Barça, dentro da nova normativa de peñas, vai sacar o carnet de simpatizante, que servirá para que o clube teña un censo de todo-los peñistas a nivel mundial. Neste primeiro ano, a peña farase cargo do custo deste carnet, pero só daqueles que teñan pagado a cota antes de finais de setembro, que será cando teñamos que pasa-lo listado ó Barça e facer efectivo o pago. Os socios que paguen a cota da peña máis tarde, seguirán sendo socios da peña de pleno dereito, pero non poderán optar a sorteos de entradas para finais nin actividades organizadas polo Barça que requiran a identificación dos socios.

Por último, comentar que se algún socio desexa domicila-lo pago, só nos ten que dar o seu número de conta, así como pedimos que os pagos se fagan o antes posible para ter un mellor control e poder facer un presuposto para toda a temporada o máis exacto posible.